

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2020 10:00:52

SAIDA 7540/20



Reclamante:
Expediente. Nº **RSCTG 61/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 29 de maio de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adoptase a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 29 de maio de 2020, un escrito no que solicita que se lle informe os motivos polos que un albacea do testamento do seu pai, fixo caso omiso ás súas peticións e vontades que figuran no testamento e se depuren responsabilidades.

Segundo. Con data do 1 de xuño de 2020 remitiuse oficio ao reclamante no que se lle requiría para que aclarase, no prazo de dez días, se a reclamación a presenta contra a falla de resolución dunha solicitude de acceso á información pública (en cuxo caso debe remitir copia da súa solicitude e, de existir, a resolución da Administración ou organismo á que llo solicitou) ou a presenta contra o que considera unha incorrecta actuación dunha figura testamentaria regulada polo dereito civil, en cuxo caso, estaría fora da competencia da Comisión da Transparencia de Galicia.

Terceiro. Con data do 2 de xuño de 2020, o interesado remite correo electrónico no que solicita que se xunte no expediente RSCTG 61/2020 contra el letrado albacea para solicitarlle responsabilidade civil e danos e prexuízos por falla de presunto incumprimento do mesmo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece que se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala a lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada.

Neste expediente con data do 1 de xuño de 2020 , solicitouse ao reclamante aclarase se a reclamación a presenta contra a falla de resolución dunha solicitude de acceso á información pública ou a presenta contra o que considera unha incorrecta actuación dunha figura testamentaria regulada polo dereito civil.

Con data do 2 de xuño de 2020, o interesado remite correo electrónico, do que se deduce de forma clara que o obxecto do seu escrito non é unha reclamación contra unha resolución en materia de acceso á información pública, senón a esixencia de responsabilidade civil a un albacea testamentario.

De acordo co anterior, procede a inadmisión da reclamación presentada, ao non tratarse dunha reclamación contra resolución dunha solicitude de acceso á información pública, senón do inicio dun procedemento en materia civil.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados,

RESOLVO

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] sobre as actuacións dun albacea testamentario.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2020.07.01 12:30:01 +02'00'

M^ª Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.